



MODELO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DO PERSOAL ASESOR

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Competencias do persoal asesor de formación.
3. Descrición das competencias profesionais do persoal asesor.

1. Introducción.

No ámbito da formación do profesorado a **persoa asesora de formación** é aquela que informa, acompaña, asiste e ofrece respostas formativas acordes coas necesidades colectivas e particulares, co obxectivo de incidir na mellora da práctica docente e no desenvolvemento da carreira profesional do profesorado.

O DECRETO 74/2011, do 14 de abril polo que se regula a formación permanente do profesorado, e a Lei Orgánica 3/2020 de Educación, do 29 de decembro (LOMLOE) establecen que:

“Los poderes públicos prestarán una atención prioritaria al conjunto de factores que favorecen la calidad de la enseñanza y, en especial, la cualificación y formación del profesorado, su trabajo en equipo, la dotación de recursos educativos, humanos y materiales, las condiciones ambientales y de salud del centro escolar y su entorno, la investigación, la experimentación y la renovación educativa, el fomento de la lectura y el uso de bibliotecas, la autonomía pedagógica, organizativa y de gestión, la función directiva, la orientación educativa y profesional, la inspección educativa y la evaluación.”

O carácter dinámico da nosa sociedade precisa dunha constante adecuación do sistema educativo á realidade cambiante. Neste escenario adquire máis importancia ca nunca a formación permanente e, por conseguinte, a profesionalización do profesorado encargado da mesma. Nestes momentos a función do persoal asesor da Rede de Formación non pode estar centrada nas materias do currículo, xa que a demanda formativa é transversal. Precísase persoal asesor cun nivel avanzado en competencia dixital e coñecemento profundo das linguas propias e estranxeiras, particularmente o inglés como lingua franca - que constitúen a base da LWC (*Language of wider communication*) fundamental nunha sociedade moderna-, con coñecementos de didáctica, con habilidades para as relacións interpersoais, que saiba liderar grupos e traballar en equipo.

Os datos do informe PISA indican que imos por bo camiño. Os resultados de 2018 colocan ao alumnado galego entre os que obteñen os mellores resultados de toda España en competencia científica e melloran os resultados en matemáticas en catro puntos, situándonos ao nivel de países como Alemaña, Suecia e Finlandia. Ademais, Galicia está por encima do promedio de España, da UE e da OCDE en ambas competencias avaliadas.

Unha das claves deste éxito é a formación do profesorado, pedra angular do traballo da Rede de Formación. É o esforzo do profesorado e a súa mellor formación o que optimiza o sistema educativo.

Galicia fixo unha salientable aposta polos Plans de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) convertindo os centros educativos nos contextos para desenvolver a formación. Froito deste esforzo, contamos neste curso con máis de 850 centros que desenvolven un PFPP.

É preciso continuar o labor realizado para apoiar ao profesorado na súa formación elaborando unha oferta integral orientada ao desenvolvemento das competencias profesionais. Se o logramos, seguro que se traducirá nunha mellora na formación do noso alumnado, que lle permitirá ter unha vida máis plena e con maior éxito persoal. Por este motivo, un dos obxectivos das estruturas de formación segue sendo que se desenvolva un Plan de Formación Permanente do Profesorado no máximo número posible de centros educativos de Galicia.

Precísase que o persoal asesor de formación permanente sexa quen de elaborar correctamente itinerarios formativos orientados á adquisición das competencias profesionais do profesorado, así como determinar indicadores de logro para o seu seguimento e avaliación. Urxe pois, definir as funcións das persoas asesoras da Rede de Formación, así como determinar, de forma precisa cales deberán ser as súas competencias profesionais, o que facilitará unha adecuada selección do persoal asesor e o deseño da formación que se precise, tanto inicial como permanente, para o correcto desempeño das súas funcións.

Este modelo competencial do persoal asesor pretende dar resposta a esta necesidade e artéllase en torno a **dous eixes: o centro educativo e as competencias profesionais docentes. O obxectivo último será a mellora da formación do noso alumnado nos centros educativos a través da mellora do nivel competencial do profesorado.**

2. Competencias do persoal asesor de formación.

Este marco competencial do persoal asesor servirá de referencia para a planificación, desenvolvemento e execución do seu traballo, nos procesos de selección e avaliación, así como para detectar necesidades futuras ás que poder dar resposta eficazmente mediante o deseño de itinerarios formativos. Deste xeito o noso marco convértese nun ecosistema holístico vivo, dinámico e actualizado con mentalidade de mellora e crecemento continuos.

Vertebremos o modelo en catro **competencias xenéricas** e dúas **instrumentais-transversais**:

A) XENÉRICAS.

1. Asesor/a guía no proceso de formación permanente do profesorado.
2. Membro dunha organización.
3. Interlocutor/a e referente.
4. Investigador/a e innovador/a.

B) INSTRUMENTAIS-TRANSVERSAIS.

5. Comunicador/a multilingüe.
6. Competente en educación dixital.

Na **Táboa 1** preséntanse as funcións e competencias profesionais necesarias para exercer nunha asesoría de formación.

Táboa 1

Funcións do persoal asesor	Competencias profesionais	
<p>Detectar, analizar e recoller as necesidades de formación do profesorado.</p> <p>Deseñar, xestionar e avaliar actividades e itinerarios formativos que dean resposta ás necesidades de formación detectadas, e potencien o desenvolvemento das competencias docentes no ámbito xeográfico que corresponda.</p> <p>Promover a elaboración e difusión de materiais didácticos e de apoio á acción educativa.</p> <p>Promover a participación nos diferentes programas e a utilización de ferramentas institucionais.</p> <p>Proporcionar estratexias que favorezan o desenvolvemento curricular e a integración de metodoloxías eficaces na práctica docente.</p>	<p>1. Asesor/a guía no proceso de formación permanente do profesorado.</p> <p>Asesoramento ao profesorado e aos equipos dos centros educativos na detección de necesidades de formación.</p> <p>Deseño, xestión, desenvolvemento e avaliación de actividades formativas.</p>	
<p>Coordinar e participar en diferentes grupos de traballo da Rede de Formación.</p> <p>Participar activamente na elaboración, desenvolvemento e avaliación dos plans anuais de centro e da Rede de Formación.</p> <p>Desenvolver e avaliar proxectos institucionais de forma contextualizada.</p> <p>Participar activamente nas actividades de formación da Rede.</p> <p>Liderar e participar de forma proactiva e construtiva en diferentes proxectos e comisións da Rede de Formación.</p>	<p>2. Membro dunha organización.</p>	<p>Colaboración ou liderado na organización, execución e avaliación do traballo da Rede de Formación, de acordo co sistema de xestión da calidade implantado.</p>
<p>Organizar e promocionar eventos e actividades que dean visibilidade a boas prácticas educativas.</p> <p>Comunicar e difundir proxectos da Rede de Formación que impulsen a mellora educativa.</p>	<p>3. Interlocutor/a e referente.</p> <p>Habilidades persoais, sociais e relacionais que faciliten os procesos. Destrezas lingüísticas e comunicativas que favorezan a xestión da información e a súa difusión e posta en valor.</p>	
<p>Promover iniciativas que propicien a reflexión e favorezan a innovación na aula e no centro.</p> <p>Dinamizar o uso eficaz de ferramentas institucionais, recursos, dispositivos e materiais que incentiven a autonomía profesional, o traballo en equipo e a innovación pedagóxica.</p> <p>Desenvolver e avaliar proxectos de investigación e innovación educativa.</p> <p>Fomentar a innovación e as actividades de intercambio, debate e difusión de experiencias educativas entre o profesorado.</p>	<p>4. Investigador/a e innovador/a.</p>	<p>Detección de novidades e vangardas que aporten valor á educación. Aplicación contextualizada de novas ideas e prácticas educativas. Reciclaxe permanente.</p>
<p>Promocionar actividades de formación que melloren a competencia comunicativa nos centros educativos.</p> <p>Promover a comunicación multilingüe eficaz, o acceso á información e a transmisión da mesma.</p> <p>Utilizar linguas maternas e estranxeiras, particularmente a lingua inglesa.</p> <p>Acceder á información e comunicala empregando diferentes linguas e canles institucionais.</p>	<p>5. Comunicador/a multilingüe.</p> <p>Utilización eficaz de diversas linguas e canles como instrumentos de comunicación, representación, interpretación, comprensión da realidade e intercambio.</p>	
<p>Promocionar o uso eficaz das ferramentas institucionais.</p> <p>Deseñar, desenvolver e avaliar a oferta de formación a distancia.</p> <p>Seleccionar e adaptar contidos para espazos virtuais de aprendizaxe.</p>	<p>6. Competente en educación dixital.</p>	<p>Coñecemento da tecnoloxía, uso normativo, seguro e didáctico da mesma. Aproveitamento das posibilidades que ofrece o ecosistema dixital. Busca, produción, curación, avaliación, almacenamento e intercambio de información. Promoción da cultura dixital.</p>

3. Descripción das competencias profesionais do persoal asesor de formación.

A **LOMLOE** establece no artigo 102 "Los programas de formación permanente deberán contemplar la adecuación de los conocimientos y métodos a la evolución de las ciencias y de las didácticas específicas, así como todos aquellos aspectos de coordinación, orientación, tutoría, educación inclusiva, atención a la diversidad y organización encaminados a mejorar la calidad de la enseñanza y el funcionamiento de los centros.... Las Administraciones educativas promoverán la utilización de las tecnologías de la información y la comunicación y la formación tanto en digitalización como en lenguas extranjeras de todo el profesorado... estableciendo programas específicos de formación en estos ámbitos. Igualmente, les corresponde fomentar programas de investigación e innovación, impulsando el trabajo colaborativo y las redes profesionales y de centros para el fomento de la formación, la autoevaluación y la mejora de la actividad docente."

Para conseguir adecuadamente os obxectivos estipulados na lei orgánica, precísanse profesionais competentes. Enténdese como tal, no ámbito da formación permanente, aquel/a profesional que combina coñecementos, capacidades e actitudes que permitan dar a resposta axeitada á demanda de formación do profesorado.

A continuación, descríbense as seis competencias para o persoal asesor da Rede de Formación.

1. Asesor/a guía no proceso de formación permanente do profesorado.

Coñecementos

- Técnicas de asesoramento.
- Elaboración de itinerarios formativos.
- Plans e programas asociados á formación permanente.
- Planificación, deseño, desenvolvemento e avaliación de actividades formativas.
- Didácticas específicas.
- Normativa vixente que afecta á formación do profesorado.

Capacidades

- Detectar necesidades formativas.
- Dar resposta ás necesidades formativas do profesorado podendo reaccionar de forma eficaz e rápida ante posibles imprevistos ou situacións diversas.
- Contextualizar propostas metodolóxicas.
- Definir e priorizar obxectivos.
- Xestionar infraestruturas e recursos.

Actitudes

- Axuda e implicación nos proxectos.
- Dinamización de equipos docentes e integración nos mesmos.
- Axuda na toma de decisións e compromiso cos acordos.

2. Membro dunha organización.

Coñecementos

- Lexislación vixente máis relevante.
- Sistema de xestión de calidade.
- Sistemas e recursos de consulta previstos pola administración para informarse daquelas normas máis específicas en momentos concretos.
- Técnicas de traballo grupal.
- Ferramentas de xestión económico-administrativa, documental e de comunicación.

Capacidades

- Participar proactivamente na consecución dos obxectivos marcados para a Rede de Formación.
- Traballar en equipo para o desenvolvemento conxunto de proxectos.

Actitudes

- Motivación cara unha cultura organizativa e valores compartidos.
- Cooperación e participación en proxectos comúns.
- Actitude de consenso e concordia, favorable á autocrítica e á crítica construtiva para unha creación conxunta de significado que facilite a reflexión e a mellora continua.
- Confianza no traballo alleo con lealdade a un mesmo e aos demais, amosando tolerancia ante erros e afán de escoita.

3. Interlocutor/a e referente.

Coñecementos

- Regulación emocional.
- Organización e xestión educativa.
- Orientación, inclusión e igualdade.
- Mediación e xestión de conflitos.

Capacidades

- Interaccionar de forma efectiva.
- Manexar diversos códigos, rexistros e canles de comunicación.
- Empregar estratexias de negociación para chegar a acordos.
- Saber escoitar de forma activa e empática.

Actitudes

- Integración da diversidade cultural e social, traballando con empatía e sintonía.
- Fomento de actitudes participativas e da creación dun ambiente de convivencia positiva, respecto e tolerancia.
- Coñecemento das capacidades e limitacións propias, facendo autocrítica, introspección e recoñecemento dos puntos febles e fortes propios e alleos.
- Tratamento correcto e ecuánime a todas as persoas implicadas.

4. Investigador/a e innovador/a.

Coñecementos

- Tecnoloxías da aprendizaxe e coñecemento.
- Busca, filtrado e síntese de información relevante.
- Plans e programas que respondan ás liñas de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no eido da innovación.

Capacidades

- Planificar, deseñar e contextualizar as investigacións educativas.
- Integrar os novos procesos de ensino, aprendizaxe e tendencias pedagóxicas.
- Promocionar as TAC como ferramenta para favorecer a aprendizaxe individualizada e personalizada e como recurso didáctico para a mellora.
- Presentar propostas de cambio fundamentadas.

Actitudes

- Reciclaxe permanente sobre temáticas e demandas sociais.
- Actualización constante de coñecementos e habilidades.
- Interese pola experimentación e innovación na práctica docente.
- Execución de propostas de cambio que contribúan á mellora.
- Actitude receptiva ante achegas doutros, valorándoas positivamente ou achegando crítica construtiva.

5. Comunicador/a multilingüe.

Coñecementos

- Competencia funcional nas distintas linguas.
- Tipos de interacción verbal e rexistros lingüísticos.
- Convencións sociais, aspectos culturais e da diversidade lingüística.

Capacidades

- Intercambiar mensaxes orais e/ou escritas en rexistros variados e a través de diferentes canles.
- Iniciar, manter e concluír conversas de maneira eficaz.
- Buscar, filtrar e sintetizar información relevante.

Actitudes

- Valoración da multiculturalidade, así como interese e curiosidade polas distintas linguas e a comunicación intercultural.
- Apreciación polo perfil lingüístico individual de cada persoa. Isto inclúe o respecto pola lingua materna de minorías ou migrantes e a apreciación da(s) lingua(s) oficia(is) dun país como marco común de interacción.

6. Competente en educación dixital

Coñecementos

- Emprego das ferramentas e recursos asociados ao ecosistema dixital galego e aproveitamento didáctico dos mesmos:
 - o deseño de experiencias de aprendizaxe nos espazos virtuais de aprendizaxe (Moodle, Eva E-Dixgal, Agueiro...).
 - o comunicación efectiva e difusión (Webex, Falemos, BBB, Abalar móbil, webs dinámicas, redes sociais...).
 - o busca e curación de contidos (repositorio ABALAR, Procomún...).
 - o creación de contidos e integración dos mesmos nos espazos virtuais de aprendizaxe (e-learning, LIM, Ardora, Dixit, H5P...).
- Dereitos de autor, identidade dixital e seguridade.

Capacidades

- Coñecer e manexar os distintos dispositivos que se poden empregar na función docente.
- Empregar as ferramentas do ecosistema dixital galego.

Actitudes

- Uso eficiente das distintas ferramentas tecnolóxicas.
- Formación continua no eido dixital.
- Dinamización do proceso de dixitalización do profesorado e dos centros.
- Promoción da cultura dixital.